



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DA FACULTADE DE CIENCIAS DO TRABALLO

Aprobado en Xunta de Facultade de 24 de xullo de 2024

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol forma parte do PAT do conxunto da Universidade da Coruña, e segue as súas directrices. Téntase ofrecer un/unha titor/a a cada estudante que comeza os seus estudos na UDC para que o acompañe ao longo da súa formación universitaria. O PAT supón **unha atención personalizada e comprometida do titor para orientar, guiar, informar e formar ao estudante** nos diferentes aspectos da súa traxectoria académica, profesional e persoal, de modo que alcance o maior nivel de desenvolvemento.

O alumnado pode utilizar o PAT de forma **optativa**, pero o obxectivo é que todos o utilicen para facilitar o seu paso pola universidade e aproveitar as posibilidades que esta ofrece. Vai dirixido a todos os cursos das titulacións, pero poñerase especial interese nos estudantes de primeiro curso, así como en aqueles procedentes de outras comunidades autónomas e do estranxeiro, e os que contan con necesidades educativas específicas. A titorización pode ter un carácter tanto presencial como non presencial.

O PAT conta cun profesor coordinador do centro, con titores docentes na titulación e vai dirixido ao alumnado de tres titulacións ofertadas pola Facultade:

- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Máster en Xestión e Dirección Laboral
- Máster en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns.

2. ANÁLISE DAS NECESIDADES

A Facultade de Ciencias do Traballo é un centro de tamaño pequeno tanto polas titulacións impartidas como polo número de alumnos matriculados, o que facilita a integración do estudante na universidade e no propio centro.

Facendo referencia aos datos estatísticos de grao dos cursos anteriores podemos destacar:

- respecto á procedencia xeográfica, unha alta porcentaxe do alumnado do grao reside na provincia, e en gran parte procedente da comarca de Ferrol. No caso do alumnado dos másters é máis frecuente a presenza de estudantes procedentes de outras zonas xeográficas e tamén de estudantes estranxeiros, nalgúns casos de culturas moi diferentes
- a orixe do alumnado é moi variada, procedente no grao de distintas opcións de bacharelato e de ciclos formativos superiores. Isto supón un esforzo engadido en termos de motivación por parte do profesorado, sobre todo o de primeiro e segundo curso, debido á diversidade de formación que traen consigo os estudantes.

Neste sentido o PAT poder ter un papel fundamental facendo fincapé na integración e implicación do alumno na universidade, e en motivar e fomentar o gusto polo estudo elixido. Tamén debe servir para detectar situacións de necesidade de alumnos e axudar a corrixir as mesmas. O Plan de Acción Titorial da Facultade de Ciencias do Traballo busca a mellora da calidade do servizo público de ensinanza universitaria en xeral e dos indicadores de calidade da UDC en particular.

Ao tratarse dun centro pequeno moitas das cuestións que poden ter os estudantes se resolven cun trato directo co profesorado e o equipo directivo da Facultade, aínda así **é necesaria unha maior involucración por parte do profesorado** para que participe como titor, e **tamén do alumnado** para que o faga nas reunións ás que for convocado polo seu titor.

3. METAS E OBXECTIVOS

Os obxectivos propostos para o PAT da Facultade de Ciencias do Traballo son:

- **Facilitar a adaptación e integración do alumnado de novo ingreso**, favorecendo a familiarización co funcionamento do centro (organización, espazos, infraestruturas), así como cos servizos e recursos da UDC.
- **Orientar** aos estudantes sobre todas as actividades e propostas formativas organizadas polo centro e a UDC (cursos, conferencias, complementos formativos, mobilidade, voluntariado, actividades deportivas) e impulsar a súa participación nas distintas actividades e nos órganos de xestión, e proporcionarlles as ferramentas de traballo e estudo que lles permitan o mellor desenvolvemento persoal e profesional.
- **Identificar as dificultades que o estudantado atopa nos seus estudos** e analizar as posibles solucións. A través do PAT búscase atender e canalizar a quen corresponda institucionalmente os problemas ou dificultades detectados polos alumnos na súa vida universitaria e académica, recollendo as inquedanzas e queixas en relación ao funcionamento do centro, profesores, guías docentes... Esta información entregarase ao decano do centro para a súa xestión.
- **Ofertar formación complementaria**, transversal, opcional e gratuíta. A oferta tenta dar resposta ás necesidades dos alumnos naquelas aptitudes, materias e ferramentas de carácter transversal útiles para o desenvolvemento da profesión, complementando a oferta formativa oficial. Entre estas necesidades estarían: o manexo de ferramentas (informáticas, de xestión de contidos, etc.), a formación en habilidades sociais (xestión de equipos, coñecemento do grupo de traballo, roles, resolución de conflitos, etc.), a inserción laboral (elaboración de CV, entrevistas, xestión de recursos de inserción...), así como orientar nas estratexias máis axeitadas para a configuración do seu currículo universitario (planificación da matrícula do vindeiro curso, bolsas, cursos de idiomas, cursos de verán, etc.)
- **Detectar e xestionar situacións de necesidades educativas especiais**, xunto co Servizo de Atención a Diversidade da UDC, apoiando dende o PAT ós alumnos de forma máis persoalizada.
- **Orientar ao alumnado na inserción laboral.**

4. CONTIDOS

Actuacións de orientación xerais:

- Xornada de benvida ao alumnado de novo ingreso
- Xornada informativa sobre mobilidade nacional e internacional
- Xornada de portas abertas para estudantes de bacharelato e formación profesional dentro do programa de captación de futuros estudantes.

Actuacións específicas do mes de setembro:

- Xornada de benvida ao alumnado de novo ingreso, tanto do grao como dos másters, con información sobre o funcionamento da Facultade e dos Servizos e Unidades implicados na vida universitaria: Centro de Línguas, Aula de Formación Informática, Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE), Unidade de Atención á

Diversidade (ADI), convenios firmados con empresas e organizacións para a realización das prácticas externas, posibilidades de práctica deportiva, UDC Saudable, “Green Campus”. Tamén se informa que por medio da UDC Saudable ofrécense a toda a comunidade universitaria informacións e charlas sobre saúde e hábitos saudables, e cóntase cos servizos e os convenios que a UDC ten acordados con distintas entidades, ofrecendo unha serie de puntos de apoio (Afrontemos, Quérote +...) de atención psicolóxica ante situacións de estrés, ansiedade, problemas familiares, saúde sexual, autoestima e adiccións (drogas legais e ilegales, a internet, videoxogos, compras compulsivas), entre outras.

- Convocatoria ao profesorado para ser titor no PAT
- Asignación de titores aos estudantes
- Primeira reunión do titor cos estudantes titorizados
- Información sobre as accións a realizar de forma electrónica (registro en “Servizos UDC”, coñecer páxina web da Facultade e da UDC, Campus Virtual, Secretaría Virtual do estudante, office365.udc.es, rede wifi, etc.)
- Iniciación aos servizos da Biblioteca

Actuacións específicas do primeiro cuatrimestre:

- Primeira reunión do titor cos estudantes titorizados
- Información sobre posibilidades de mobilidade nacional e internacional de estudantes
- Orientación para elección de tema e titor e para a elaboración do Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster
- Información sobre prácticas externas
- Actuacións de orientación laboral e saídas profesionais da titulación
- Xornadas de actualización laboral e da Seguridade Social

Actuacións específicas do segundo cuatrimestre:

- Reunión do titor cos estudantes ao inicio e ao final do cuatrimestre
- Seguimento e revisión do PAT por parte dos titores e o coordinador do PAT da Facultade
- Xornadas de actualización laboral e da Seguridade Social
- Actuacións de orientación laboral e saídas profesionais da titulación

5. RECURSOS

A Facultade conta cos recursos materiais e os servizos necesarios para atender ao alumnado. No curso 2023-2024 contaba con 8 aulas/seminarios, 23 despachos, 4 salas de informática, 110 postos nas salas de informática, espazos para representantes de estudantes e outros equipamentos, e acceso wifi nas tres plantas do edificio. Non conta con biblioteca propia xa que os fondos bibliográficos sitúanse no edificio da Casa do Patín, próximo á Facultade, dotado cos recursos necesarios para atender os intereses do alumnado. Ademais **a UDC conta con distintos servizos de axuda aos estudantes:** Centro de Línguas para proporcionar unha formación complementaria en línguas extranxeiras, a Aula de Formación Informática para reforzar os coñecementos informáticos en todos os niveis, o Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) coa formación e asesoramento para os procesos de ensino e aprendizaxe, o Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE), a Unidade de Atención á Diversidade (ADI), convenios firmados con empresas e organizacións para a realización das prácticas externas, entre outros.

Respecto aos recursos humanos, **o coordinador de PAT da Facultade** será un docente que pola súa experiencia teña coñecemento da titulación e do perfil dos alumnos da mesma, e contará para desenvolver os obxectivos e actividades do PAT coa colaboración dos **titores-docentes**. O equipo de

titores está formado por profesorado dos distintos departamentos con docencia na Facultade. Cada curso académico farase unha convocatoria aberta aos docentes invitándoos a participar como titores. Calquera docente dunha titulación pode ser titor do PAT. O titor será coñecedor dos seus alumnos titorizados cada ano académico e, se for posible, seguirá cos seus grupos de alumnos ata a finalización dos estudos.

No que respecta á formación para a acción tutorial promoverase a participación nos cursos desenvolvidos pola UDC e valorarase a posibilidade de realización de cursos específicos no centro en colaboración co CUFIE, o SAPE e outras entidades que desexen colaborar.

6. MODELO ORGANIZATIVO

A presentación do Plan de Acción Tutorial realizarase dentro da xornada de acollida aos alumnos de novo ingreso. O coordinador do PAT presentará as funcións básicas e a organización do mesmo na Facultade.

Posteriormente a **cada titor asignaráselle un grupo de alumnos**. En principio, cada alumno reunirse co titor polo menos tres veces ao longo do curso, de modo presencial ou virtual: a primeira convocatoria de benvinda e presentación do PAT, logo dos resultados do primeiro cuatrimestre, e ao final do segundo cuatrimestre, momento en que se avaliará o PAT. Cada alumno poderá expor ao titor individualmente calquera cuestión ligada co ámbito propio da relación tutorial. Así mesmo haberá contactos entre o titor e os alumnos cada vez que se considere oportuno, usando as canles de comunicación definidas na primeira reunión.

O labor do titor-docente é fundamental no primeiro curso de grao xa que debe quedar establecido o vínculo entre o titor e o estudante. A partir do primeiro curso a comunicación en termos xerais pasa a ser máis virtual que presencial e incluso queda a iniciativa do estudante. Por outra banda, o alumnado de cuarto de Grao necesita titorías máis presenciais e persoalizadas tendo en conta a elaboración dos traballos fin de grao (TFG), as dúbidas respecto ás prácticas externas e de cara á inserción laboral.

A participación tanto dos profesores titores como dos estudantes ten un **carácter optativo**, pero con prestacións para uns e outros; por exemplo, para o alumnado: crédito de libre elección, prioridade na asistencia a cursos, certificado de participación, etc.; para docentes: certificación como mérito específico conforme á normativa xeral que establece a UDC, mérito recoñecido no programa Docencia, prioridade na asistencia a cursos organizados polo CUFIE; certificados, etc.

Dentro do centro e, co apoio dos equipos directivos, os principais axentes son: o estudante, o coordinador do PAT e os titores docentes.

As funcións do **coordinador do PAT** na Facultade:

- Diseñar e coordinar o PAT, responsabilizándose do seguimento e da avaliación do mesmo
- Facer visible o PAT para profesores e estudantes mediante correos electrónicos, publicidade no taboleiro de anuncios, páxina web do centro ou outros medios
- Acoller inicialmente ao alumnado que chega ao centro e informarlles do PAT
- Realizar a asignación de titores aos novos estudantes
- Apoiar aos titores, e achegarlles información sobre a formación ofertada pola UDC necesaria para o labor tutorial.
- Convocar ás reunións cos titores para xestionar e valorar o PAT
- Presentar a avaliación e o informe final anual

- Canalizar cara quen corresponda (equipo directivo do centro ou outros servizos da UDC) as necesidades e problemas detectados, así como posibles alternativas de solución.

As funcións do **titor docente**:

- Acoller na UDC dun modo máis personal a cada estudante
- Orientar académica e profesionalmente a cada estudante, o que esixirá entrevistas ou reunións individuais ou grupais co alumnado
- Acompañar e seguir ao alumnado no proceso de aprendizaxe durante a súa formación
- Mediar nas relacións problemáticas que se poden dar puntualmente entre alumnos ou cun profesor
- Axudar no ámbito persoal, sempre que for necesario e o problema se puidera abordar; de non ser así, remitilo a outros servizos
- Asistir ás reunións de titores convocadas polo coordinador
- Convocar as reunións cos estudantes, establecer con eles unha vía de contacto (por exemplo por correo electrónico) e solicitarlles os datos que se consideren necesarios para desenvolver o labor titorial
- Comunicar ao coordinador as deficiencias detectadas nos procesos de ensino, aprendizaxe e avaliación
- Asistir, na medida do posible, a cursos de formación ofertados en acción titorial
- Atender aquelas dúbidas que xurdan nas reunións cos estudantes.
- Facer un seguimento do proceso que inclúe unha avaliación final por curso e grupo.

Non corresponde ao titor ser un portal administrativo, só é informativo, nin é un consultor psicolóxico, nin pode solucionar problemas persoais dos estudantes en relación con outros profesores.

As funcións dos **estudantes**:

- Participar de forma voluntaria no Plan de Acción Titorial da Facultade
- Facilitarlle ao seu titor aquela información de contacto que este lle solicite
- Participar nas reunións, presenciais ou virtuais, de grupo ou individuais, convocadas polo titor.

Alumnado mentor:

Neste Plan de Acción Titorial establececese a posibilidade de contar con estudantes de cursos superiores que actúen como mentores/mentoradas de estudantes de cursos inferiores. Trátase de conectar estudantes “experimentados” con outros “noveles” e crear relacións entre distintas promocións de estudantes próximas xeracionalmente, mellorar as competencias sociais, relacionais, comunicativas e de liderado dos estudantes e, en xeral, a experiencia dos estudantes no seu paso pola Universidade. Terá un carácter voluntario para mentores e mentorizados. Aos mentores ofréceselles formación en mentoría/supervisión, formación en liderado, mellora de competencias sociais, relacionais e comunicativas, e terán unha certificación anual. Para os mentorizados permitirá unha integración máis sinxela na Universidade e, no caso de alumnado doutras comunidades e estranxeiros, no entorno social e cultural.

Particularidades no caso dos máster:

No caso dos máster a titorización é distinta, xa que o perfil do alumnado é diferente ao do grao. Aínda que moitas das accións programadas para os estudantes do grao van dirixidas tamén para os dos másters (información de benvida, sobre prácticas externas, orientación sobre o Traballo Fin de Máster...), non existe un titor asignado para cada estudante. Neste caso o coordinador do título desempeña un papel equivalente ao do titor do grao. A súa acción iniciase antes da matrícula, solucionando dúbidas sobre cuestións curriculares e organizativas cando empeza a preinscrición. O coordinador é o referente ao que acoden os estudantes á hora de tomar decisións académicas ou planificar a súa incorporación ao mercado laboral ao terminar os seus estudos. Ademais os estudantes

contan cun titor de prácticas externas académico e outro da empresa, ademais dun titor para o Traballo Fin de Máster.

7. CRONOGRAMA

Na táboa seguinte indícanse as accións programadas dentro do Plan de Acción Titorial da Facultade.

A primeira reunión do titor cos estudantes é fundamental xa que, ademais de establecer a forma de contacto cos alumnos, o titor ten a función de presentar os obxectivos do PAT, detectar as primeiras dificultades de integración na universidade e atender ás súas principais dúbidas sempre dentro dun marco de confianza. Tras este primeiro contacto potenciarase a utilidade da titoría individual (persoal ou virtual).

Despois dos exames do primeiro e segundo cuadrimestre as reunións de titor e alumnos son esenciais para analizar a marcha do curso, detectar posibles erros no deseño do traballo e buscar, se é necesario, estratexias que permitan corrixir os defectos detectados co fin de mellorar os resultados académicos.

Finalmente realizarase unha avaliación do PAT por parte do alumnado e dos titores coa finalidade de detectar disfuncións e tentar de mellorar ata conseguir que o PAT sexa valorado e utilizado activamente polo alumnado.

Accións programadas	Obxectivos	Destinatarios	Responsables	Calendario	Recursos necesarios
Convocatoria ao profesorado	Invitar ao profesorado para ser titor no PAT	Profesorado con docencia na Facultade	Coordinador PAT da Facultade	Primeiros días de setembro	Correo electrónico
Xornada de benvida na Facultade	Dar a benvida ao alumnado de novo ingreso e informar sobre aspectos xerais da titulación: plan de estudos, organización académica, Plan de Acción Titorial, e proporcionar información sobre os servizos da UDC	Alumnado de novo ingreso	Equipo decanal e coordinador do título	Primeiros días de clase	Aula de clase ou Aula Magna
Xornada de benvida no campus	Informar de todos os Servizos e Unidades implicados na vida universitaria: Cultura, Deportes, Voluntariado, Medioambiente,	Todo o alumnado do campus de Ferrol	Vicerrectorado de Ferrol	Primeiras semanas de setembro	Colaboración de distintas Unidades e Servizos da UDC

	UDC Saúdable, Centro de Linguas, Atención á Diversidade, Emprego, Asociacións Universitarias, Biblioteca... E realización de actividades participativas desenvolvidas polas asociacións estudiantís.				
Asignación de titores aos estudantes	Asignación dun titor a cada un dos novos estudantes, coa súa dirección de correo electrónico ou teléfono para que os titores podan contactar con eles	Profesores titores	Coordinador do PAT	Mes de setembro	Despacho dos profesores titores, aulas e Teams
Reunións individuais ou en grupo do titor con seus estudantes	Informar sobre o PAT e recoller información sobre as necesidades ou problemas detectados. No caso dos másters reunión co coordinador da titulación que actuará como profesor titor	Alumnado de todos os cursos	Profesores titores	Ao inicio do curso, ao final do primeiro cuatrimestres e a final de curso	Reunións presenciais ou por Teams e correos electrónicos
Xornadas sobre saídas profesionais	Informar aos estudantes sobre saídas profesionais, emprendemento, probas de selección das empresas e recursos para a búsqueda de emprego e prácticas. Coñecer	Estudantes de últimos cursos	UDC-Emprego, Equipo de Dirección da Facultade	Tres seminarios de empregabilidade ao longo do curso. E una xornada sobre saídas profesionais para titulados, en colaboración co Colexio Oficial de Graduados	En xeral de modo presencial, nalgún seminario de modo virtual

	experiencias e casos prácticos de inserción laboral			Sociais de A Coruña e Ourense no primeiro cuatrimestre.	
Orientación sobre mobilidade nacional e internacional	Informar ao alumnado sobre as distintas modalidades de mobilidade, nacional e internacional, e os requisitos esixidos	Estudantes de 1º, 2º e 3º curso do Grado	Profesor/a responsable de mobilidade na Facultade e Oficina de Relacións Internacionais (ORI)	Varias charlas ao longo del curso, unhas comúns para todos os estudantes do campus de Ferrol e outras específicas para o alumnado da Facultade	
Iniciación aos servizos da Biblioteca	- Información sobre os servizos da biblioteca e uso do catálogo - Dialnet Plus, portal da Universidad de la Rioja na que participan o resto das bibliotecas universitarias españolas - Iniciación a <i>Aranzadi Instituciones</i> , base de datos que permite acceder a lexislación actualizada, europea, estatal e autonómica	Alumnado do novo ingreso	Persoal da Biblioteca da Casa do Patín	Mes de setembro	Aula de informática
Orientación sobre prácticas externas	Informar sobre todo o necesario para facer as prácticas externas	Estudantes dos últimos cursos do grao e estudantes dos másters	Profesor coordinador de prácticas externas no grao. Profesores coordinadores da titulación no caso dos másters	Finais do primeiro cuatrimestre	Aula de clase
Orientacións para a elaboración do Traballo Fin de	Informar sobre aspectos bibliográficos e documentais, planificación das	Estudantes dos últimos cursos do grao e estudantes dos másters	Persoal da Biblioteca da Casa do Patín	Meses de xaneiro ou febreiro	Aula de clase

Grao e Fin de Máster	búsquedas bibliográficas e manexo das principais bases de datos				
Xornadas de actualización laboral e da Seguridade Social	Formación, difusión e debate ante os cambios normativos introducidos no mundo das relacións laborais e da Seguridade Social, coa colaboración de especialistas externos	Alumnado da Facultade e, en xeral, da UDC. Organizacións empresariais e sindicais. Abogados e Graduados Sociais. Profesionales vinculados coa materia e persoas interesadas	Equipo directivo da Facultade. Consello Galego de Relacións Laborais. Colexio Oficial de Graduados Sociais de A Coruña e Ourense. Asociación de Graduados Sociais de Ferrol	Ao longo do curso	Presenciais na Aula Magna ou por Teams
Seguimento e revisión do PAT	Recoller a valoración sobre o desenvolvemento do PAT e propostas de mellora	Profesorado titor	Coordinador do PAT	A final de curso	Presencial ou virtual
Memoria de actividades do PAT do curso	Recoller a memoria das actuacións realizadas ao longo do curso	Comunidade universitaria	Coordinador do PAT	A final de curso	Páxina web da Facultade
Aprobación do PAT para o curso seguinte	Aprobación do PAT para o curso seguinte, ou revisión do mesmo de ser necesario	Comisión de Garantía de Calidade e Xunta de Facultade	Coordinador do PAT	Mes de xulio	Páxina web da Facultade

8. AVALIACIÓN

A avaliación do plan terá lugar ao finalizar a docencia do curso, ou nos últimos días da súa impartición. Evitando o exceso de burocratización, realizarase seguindo o modelo que usa a universidade e os cuestionarios de avaliación (fichas de iniciación, seguimento e avaliación do titor e dos estudantes...), informes individuais ou grupais e enquisas propostas dende o PAT da UDC.

Os datos obtidos serán usados na reunión final de coordinación de titores, de onde saíran as liñas mestras do **informe de avaliación final**. Este conterá propostas de mellora para experiencias posteriores. Con esta información o coordinador elaborará unha memoria das actividades realizadas e aprobará as previstas para o curso seguinte, que serán aprobadas en Xunta de Facultade.